



CLUB DE LECTURA

FICHA TÉCNICA

Datas: De outubro a xuño, 1º e 3º xoves de cada mes.

Hora: 19,00 h

Coordina: Marila Ruíz

Destinatarios: Persoas socias do club

Prazas: 25 participantes

Inscrición: As persoas interesadas en participar no club poden formalizar a súa inscrición a partir das 10.30 h do 18 de setembro de forma presencial na biblioteca, mandando un correo electrónico a **bpneiravilas@vigo.org** indicando os seus datos (nome e apelidos, idade, enderezo, teléfono e correo electrónico) ou ben a través do teléfono 986 267 759. A participación no club é gratuíta e as prazas cóbrense por orde de inscrición.

XUSTIFICACIÓN

A Biblioteca Pública Municipal, como centro dinamizador, pode e debe xogar un papel decisivo na integración para todos de tal maneira que encontren un lugar adecuado para cubrir as súas necesidades de información, cultura e ocio, que lles permita mellorar a súa calidade de vida e oportunidades na sociedade. Así, coa creación dun club de lectura dentro das actividades permanentes do programa de extensión cultural, a biblioteca convértese nun lugar de encontro, onde os afeccionados á lectura poden compartir ideas, pensamentos e reflexións.

O club de lectura da Biblioteca Xosé Neira Vilas concíbese entón como un servizo do centro que contribúe a encher de vida o seu espazo servindo de encontro entre os usuarios e usuarias que, unidos por un interese común pola literatura, queiran compartir a súa experiencia lectora con outras experiencias, participando dun achegamento aos textos lúdico e diferente das canles académicas que nos permita afondar no proceso literario e mellore a nosa sensibilidade lectora.

OBXECTIVOS

- Estimular a lectura entre as persoas que visitan e fan uso da biblioteca, e fomentar o diálogo entre os mesmos
- Descubrir a afección pola lectura de todo tipo de xéneros literarios: novela, teatro, banda deseñada, poesía...
- Promover a lectura activa e crítica, analizando aspectos concretos das obras como o punto de vista, a creación dun personaxe, a construción do argumento...
- Dar a coñecer obras literarias de autores clásicos e contemporáneos
- Dar a coñecer a biblioteca como centro para o seu desenvolvemento e converterse nun organismo activo e dinámico na zona



-Ofrecer unha alternativa diferente de ocio

CONTIDO

O club de lectura é un grupo de persoas afeccionadas á lectura que se reúne dúas veces ao mes (1º e 3º xoves de cada mes) na biblioteca para comentar e valorar un libro proporcionado pola propia biblioteca coa axuda da coordinadora Marila Ruiz. Non é preciso ser un experto lector para participar, o club está concibido para todas aquelas persoas con inquiredanzas culturais, ganas de ler e de intercambiar ideas e opinións con outros lectores.

Nesta actividade realízase o comentario de obras de distintos xéneros literarios nun ambiente de familiaridade, procurando o lado formativo e á vez, lúdico da lectura.

O principal obxectivo desta actividade é animar a ler e a gozar da literatura como un desenvolvemento da capacidade de creación e comunicación, de maneira que compartindo ideas e reflexionando sobre temas diversos poidamos enriquecernos cos diferentes puntos de vista.

TEXTO PARA A DIFUSIÓN EN FORMATO FOLLETO

Persoas afeccionadas á lectura que se reúnen dúas veces ao mes na biblioteca para comentar e valorar un libro proporcionado pola propia biblioteca coa axuda da coordinadora Marila Ruíz.

TEXTO PARA A DIFUSIÓN EN VIGOCULTURA

Abril: xoves 4 e 25 ás 19.00h

Maio : xoves 9 e 23 ás 19.00h

Xunio : xoves 6 e 20 ás 19.00h

O club de lectura é un grupo de persoas afeccionadas á lectura que se reúne dúas veces ao mes (1º e 3º xoves) na biblioteca para comentar e valorar un libro proporcionado pola propia biblioteca coa axuda da coordinadora Marila Ruíz. O club está concibido para todas aquelas persoas con inquiredanzas culturais, ganas de ler e de intercambiar ideas e opinións con outras persoa lectoras.